

O ENTROIDO. ORIXE E SIGNIFICADO

O Entroido é unha festa que ten unha orixe moi antiga que nos leva ata as festas gregas celebradas en honor do deus Dionisos, as Lupercales romanas, ... Hai historiadores que as levan máis lonxe aínda no tempo, ata a antiga Sumeria ou Exipto. Recolle tamén aspectos de outras culturas europeas da antigüidade. Sponse que constitúen a supervivencia das antigas festas agrarias de entrada na Primavera e comezo de ano (antigamente o ano novo empezaba coa Primavera). Como afirma Julio Caro Baroja: *O ciclo festivo, de mediados de decembro a comezos de marzo, é bastante semellante no calendario pagán dos últimos tempos do imperio romano e no cristián.*

Podemos dicir, daquela, que no ciclo do Entroido quedaron incluídas diversas festas de orixe pagá, pero o que lle dou o carácter co que chegou deica nós foi a aparición do cristianismo. É a oposición entre Entroido e coresma, Entroido, o tempo no que se lle rende culto á gula, á diversión, mesmo irreverente, e Coresma, o tempo de xaxún e penitencia, triste por definición, o que, dende a idade media, impregnouno do significado co que chegou ata o presente.

Abundando na mesma idea volvemos a citar a Julio Caro Baroja, que afirma: *O Entroido é un fillo do cristianismo; mellor dito, sen a idea da coresma, non existiría na forma concreta en que existe dende datas escuras da Idade Media europea. Daquela fixéronse os seus caracteres. Iso non quita para que quedaran incluídas, dentro do ciclo do Entroido, varias festas de raíces pagás, para que o Entroido non chegara a resultar un período no que o que poderíamos chamar “valores pagáns da vida” estaban postos de relevo, en contraste co período inmediato, de dó e penitencia, no que se exaltaban os “valores cristiáns”.*

É un tempo de grandes festas de máscaras e pantagruélicas comidas. No Entroido perden a súa vixencia os valores e normas do resto do ano, todo está permitido, homes que se visten de

mulleres, mulleres que se visten de homes, ... Caricaturízase a vida dos veciños, aos personaxes que ocupan cargos públicos, á igrexa, a política municipal, ... En fin, inténtase ridiculizar todo o considerado serio o resto do ano, é unha maneira de ceibar fora dun xeito lúdico e humorístico as frustracións do ano.

Nestas festas desaparecen as categorías sociais, todos somos iguais, todos somos máscaras. A personalidade que cada un ten de seu queda na casa e a máscara representa un papel, pero non un papel preconcebido senón improvisado a cada cousa que fai, a cada copla que di.

Na actualidade, coa progresiva perda de influencia da relixión na sociedade, o Entroido está en pleno proceso de cambio de significado, mantense a festa coas súas compoñentes tradicionais: disfraces, crítica social e aos poderes públicos, gula, ... pero está perdendo a compoñente de oposición á coresma, que case ninguén observa. Mesmo o gran impulsor xa no é a espontaneidade popular senón colexios, concellos e entidades veciñais.